A construción de vivendas protexidas e a súa adxudicación aos colectivos máis vulnerables debería ser unha prioridade nestes momentos, así como facer unha boa política de alugueiro. É de recordar que a exclusión residencial precovid era do 35 %, agora é moito maior, e en cambio a oferta de vivenda en alugueiro caeu en Galicia, 27 % en Ourense, 16 % en A Coruña e Lugo , e o 1 % en Pontevedra.

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

As políticas de vivenda, tanto de construción de vivendas para persoas vulnerables e de políticas para favorecer o acceso ao alugueiro, nos últimos 13 anos, indican un déficit na execución deste tipo de vivendas por parte da Xunta de Galicia.

Só co impulso progresista en España a través do Plan estatal de acceso a vivenda 2022/2025 e os fondos europeos remitidos a Xunta, moven ficha. O Estado fai unha aposta sen precedentes en materia de vivenda que tamén favorece aos galegos/as.

A Xunta de Galicia ante a necesidade de construción de vivenda para o alugueiro convocará a través do IGVS, máis de 28 millóns €, dos que 16 millóns € proceden de fondos europeos aos que se engaden outras axudas procedente do Plan estatal para o acceso a vivenda 2022/2025 cunha contía de 12millóns € .

Están destinadas a construción de vivendas por parte de promotores públicos, ou privados e concellos para o alugueiro cun mínimo de 50 anos.

Sabido é da necesidade deste tipo de vivenda para o alugueiro nun momento no que a compra dunha vivenda propia se está a converter en privativo para a maioría dos galegos/as, tanto polo incremento do valor das hipotecas, pola mobilidade laboral, e pola dificultade de adaptación dos soldos a realidade diaria, motivada pola inflación xerada pola guerra de Ucraína.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos fondos propios para o ano 2023 aportará o Goberno da Xunta para as políticas de vivenda en Galicia, a maiores do establecido e financiado no Plan estatal de acceso a vivenda 2022/2025 e dos fondos europeos?
2. Cantos fondos propios aportará o Goberno galego para fomentar a construción de vivendas de alugueiro, a maiores do establecido e financiado no Plan estatal de acceso a vivenda 2022/2025 e dos fondos europeos no ano 2023?
3. Cantas vivendas para o alugueiro ten previstas construír a Xunta de Galicia a cargo do Plan estatal de acceso a vivenda 2022/2025 e dos fondos europeos?

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:17:53
Nº Rexistro: 44475
Data envío: 29/11/2022 17:17:53.195

grupo socialista Parlamento de Galicia PSG de PSOE

Pazo do Parlamento, 28 de novembro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Eduardo Ojea Arias na data 29/11/2022 17:13:59**

**Patricia Otero Rodríguez na data 29/11/2022 17:14:08**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:46:02
Nº Rexistro: 44485
Data envio: 29/11/2022 17:46:02.913

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a regulamentación e fomento das comunidades enerxéticas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción, distribución e consumo é un sector estratéxico da economía e debería ser un dereito fundamental da cidadanía, mais no actual contexto económico converteuse nun ben moi custoso e sometido aos vaivéns e aos intereses do mercado. A regulación do sector enerxético provoca movementos especulativos e un réxime de oligopolio no que unhas poucas empresas teñen o control de case toda a cadea do sector eléctrico, o que xera beneficios multimillonarios para un reducido grupo de actores e graves prexuízos para a maioría social. A escalada dos prezos da enerxía eléctrica que se produciu ao longo do ano 2021 e nos primeiros meses do 2022 é unha das caras máis visíbeis dun sistema cruel e inxusto, unha realidade que ten un importante impacto negativo nos sectores económicos, nas pemes, e nos fogares.

Desde o BNG defendemos cambios estruturais no modelo enerxético que pasan pola intervención pública no sector, medidas de redución do prezo, supresión dos beneficios chovidos do ceo ou creación dunha tarifa eléctrica galega que permita reducir o prezo da luz atendendo á condición de Galiza de exportadora de enerxía eléctrica.

Ao mesmo tempo, nos últimos anos agromaron movementos sociais que cuestionan o sistema enerxético centralizado e oligopolístico e defenden como alternativa modelos distribuídos, de proximidade que na práctica supoñen un maior grao



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:46:02
Nº Rexistro: 44485
Data envio: 29/11/2022 17:46:02.913

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de socialización e democratización do acceso á enerxía e unha sorte de empoderamento enerxético cidadán.

Como resposta a estes movementos, a UE incorporou no dereito comunitario as "comunidades enerxéticas". Fíxoo en 2018 mediante a Directiva (UE) 2018/2001 e en 2019 coa Directiva (UE) 2019/944 coas que se incorpora o concepto das "comunidades enerxéticas locais" e as figuras xurídicas das "comunidades de enerxías renovábeis" (2018) e das "comunidades cidadás de enerxía" (2019). Estas entidades defínense como "calquera asociación, cooperativa, sociedade, organización sen ánimo de lucro ou outra entidade xurídica dedicada á xeración distribuída e á realización de actividades dun xestor de rede de distribución, subministrador ou agregador a nivel local".

Estas figuras xurídicas foron trasladadas á lexislación española mediante o Real Decreto lei 23/2020 polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica (que modifican determinados aspectos da Lei 24/2013 do sector eléctrico). No citado RD 23/2020 defínense as Comunidades de Enerxías Renovábeis como "entidades xurídicas baseadas na participación aberta e voluntaria, autónomas e efectivamente controladas por socios ou membros que están situados nas proximidades dos proxectos de enerxías renovábeis que sexan propiedade destas entidades xurídicas, cuxos socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou entidades locais, incluídos os concellos, e cuxa finalidade primordial sexa fornecer de beneficios medioambientais, económicos ou sociais aos seus socios ou membros, ou ás zonas locais onde operan, en lugar de ganancias financeiras".

As comunidades enerxéticas poden desenvolver as seguintes actividades:

-Xeración de enerxía procedente de fontes renovábeis.

-Servizos de eficiencia e rehabilitación enerxética.



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:46:02
Nº Rexistro: 44485
Data envío: 29/11/2022 17:46:02.913

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Subministro, consumo, agregación e almacenamento de enerxía, e potencialmente distribución.

-Prestación de servizos de recarga de vehículos eléctricos ou doutros servizos enerxéticos.

Se ben esta figura xurídica forma parte da lexislación comunitaria e estatal, está pendente a súa efectiva transposición mediante o desenvolvemento dos aspectos xurídicos, técnicos e financeiros que deben regular as comunidades enerxéticas locais e a súa participación no sector enerxético. Aínda que a finais de 2020 se abriu polo goberno central unha "Consulta pública previa de comunidades enerxéticas locais", non chegou a aprobarse o instrumento xurídico que debe regulalas.

Debido a esta indefinición legal, actualmente existen moitas trabas e restricións que dificultan a creación de comunidades locais de enerxía. A falta de seguridade xurídica está a provocar a ralentización de proxectos, que moitas veces teñen que tramitarse como proxectos de autoconsumo para salvar o baleiro legal. Ademais, as limitacións aplicadas na práctica de 0.5 km de distancia entre o punto de produción e de consumo e o máximo de potencia de 100 kW constitúen unha dificultade engadida para o interese e a viabilidade dos proxectos de autoconsumo colectivo e de comunidades enerxéticas.

Para facer fronte a esta situación, numerosos colectivos e institucións están promovendo unha serie de demandas que deben incluírse no futuro decreto regulador das comunidades enerxéticas:

a) O incremento da distancia até 5 km e da potencia até 5 MW

b) A simplificación dos trámites administrativos

c) A supresión de cargos e peaxes



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:46:02
Nº Rexistro: 44485
Data envío: 29/11/2022 17:46:02.913

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) A ampliación das modalidades de compensación de excedentes

No ámbito galego, as comunidades de montes en mancomún dirixíronse ao goberno central solicitando a súa inclusión na figura xurídica das “comunidades enerxéticas”, xa que coa actual regulación non poden actuar como tales. Cómpre ter en conta que en Galiza existen unhas 2.700 comunidades de montes en man común que xestionan aproximadamente 600.000 ha de monte, un 20% o territorio galego. E dáse o paradoxo de que, mentres estes montes son literalmente ocupados para desenvolver xigantescos polígonos industriais eólicos, as comunidades de montes son sistematicamente excluídas das convocatorias do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de Enerxías Renovábeis. Recentemente o IDAE lanzou dúas novas convocatorias do CE Implementa: o 19 de decembro abrirán as convocatorias 3 (para proxectos de menos de 1 millón de euros) e 4 (para proxectos superiores a 1 millón de euros). E as comunidades de montes non poderán concorrer a estas convocatorias.

Máis alá da regulación efectiva e favorábel das comunidades enerxéticas, as institucións públicas deben actuar como impulsoras, promotoras e fomentadoras deste modelo distribuído e de proximidade, como alternativa social ao modelo intensivo e depredador dos grandes polígonos enerxéticos de iniciativa privada que están literalmente ameazando e invadindo amplas zonas da xeografía galega.

No caso do goberno galego, debe impulsar por si propio e tamén en colaboración con concellos, con cooperativas, con pemes e con organización sociais un gran proxecto de país para a información, a formación, o asesoramento e o impulso de proxectos de comunidades enerxéticas.



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

-Que iniciativas levou a cabo o goberno galego para demandar a aprobación por parte do goberno central do decreto regulador das comunidades enerxéticas?

-Trasladou a Xunta algunha proposta ou demanda concreta para a súa inclusión no instrumento de regulación de comunidades enerxéticas?

-Apoia o goberno galego o recoñecemento das comunidades de montes en mancomún como comunidades enerxéticas?

-Trasladou algunha demanda neste sentido ao goberno central?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego e relación coa exclusión das comunidades de montes das convocatorias 3 e 4 do programa CE Implementa?

-Considera o goberno galego de interese desenvolver unha estratexia e un plan para a creación de 40 comunidades enerxéticas ao longo dos anos 2023 e 2024?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Noa Presas Bergantiños**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2022 17:44:31**



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:46:02
Nº Rexistro: 44485
Data envio: 29/11/2022 17:46:02.913

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo na data 29/11/2022 17:44:36**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2022 17:44:53**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 10:04:15
Nº Rexistro: 44502
Data envío: 30/11/2022 10:04:15.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o estado actual das bibliotecas públicas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza, publicada no DOG o 27 de xuño de 2012, aprobouse hai xa 10 anos co obxectivo de consolidar as bibliotecas como centros produtores e provedores de información que favorezan os procesos de democratización cultural; como espazos de formación e desenvolvemento; e como un punto de encontro cultural.

Esta norma apostaba, segundo a Consellería, por grandes bibliotecas centrais ben dotadas; polo traballo en rede no ámbito local a partir da biblioteca central coas bibliotecas de proximidade, que acheguen o servizo aos cidadáns; pola presenza da biblioteca fóra da súa propia sede, entendendo a biblioteca como un centro de información, aprendizaxe e cultura; e o incremento dos servizos en liña.

No grupo parlamentario do BNG constatamos que, superada unha década desde a aprobación da Lei de bibliotecas de Galiza, e malia a ausencia de avaliación por parte do goberno do Partido Popular, cómpre analizar a implementación desta lei tan necesaria como ferramenta coeducadora e de cohesión social.



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por unha banda, seguimos a constatar o que xa temos evidenciado nesta lexislatura: a falta de desenvolvemento regulador da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza, que obriga a manter vixente de xeito transitorio o Decreto 41/2001, un regulamento que non se axusta á realidade social e bibliotecaria actual nin ao marco legal vixente.

Pola outra, anualmente preséntase desde o Ministerio de Cultura os datos estatísticos correspondentes ao estado da rede bibliotecaria. Nestes días coñecemos o último estudo referido ao ano 2020, así como a avaliación que puntualmente elabora BAMAD, e que, entre outros, coloca o foco nos seguintes aspectos:

- 91 concellos non teñen biblioteca; a maioría pertencen á provincia de Ourense (50 concellos sen biblioteca fronte a 42 que si a teñen) e as restantes á de Lugo (25 concellos non a teñen fronte a 42 que si). Un déficit que en absoluto se poderá compensar co procedemento, por fin recentemente iniciado despois de sucesivos anuncios cos seus correspondentes adiamentos, de dotación de servizos bibliotecarios móbiles.

- O financiamento público das bibliotecas públicas galegas está por debaixo da media estatal até un 15%.

- Galiza segue, como en anos anteriores, por debaixo da media estatal en todos os indicadores agás no número de documentos por habitante e nas adquisicións de documentos por cada mil habitantes.

- Perda continua de persoal bibliotecario que desde 2016 descendeu en 39 persoas.

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 10:04:15
Nº Rexistro: 44502
Data envio: 30/11/2022 10:04:15.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O balance negativo referente ás bibliotecas públicas galegas vén recollido no recentemente aprobado Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030, malia non estar actualizada na súa base de diagnose xa que remite para o ano 2018. Neste sentido, resulta ben significativo da política cultural centrada no libro e practicada por parte do goberno do Partido Popular, que neste novo documento estratéxico se recolla aínda a elaboración dun Plan de Lectura de Galiza que segue pendente desde a aprobación da Lei do libro e da lectura en 2007.

O orzamento presentado polo goberno para 2023 tampouco achega esperanza ningunha, pois o incremento non é significativo e segue lonxe do de 2009. o que volve sorprender nun contexto de orzamento xeral da Xunta incrementado a respecto do ano anterior e publicitado como o máis alto da historia.

Analizado en detalle, pódese concluír que o orzamento para bibliotecas da Xunta para 2023 baixa con respecto ao ano anterior, pois o pequeno incremento está dirixido á creación do servizo de bibliotecas itinerantes. Consecuentemente, o Partido Popular segue sen comprometer a responsabilidade de goberno a favor do reforzo do Servizo de Bibliotecas cun orzamento que permita unha maior dotación no número de persoal que poidan prestar máis servizos e incrementar o apoio á Rede de Bibliotecas de Galiza  e do Sistema de Xestión Integrado da Rede.

Por estes motivos formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora a Xunta os datos dos sucesivos datos estatísticos presentados polo Ministerio de Cultura que coloca Galiza entre as últimas comunidades en investimento público na rede de bibliotecas?



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 10:04:15
Nº Rexistro: 44502
Data envio: 30/11/2022 10:04:15.588

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que medidas vai por o goberno en marcha para dotar de servizos bibliotecarios os 91 concellos que non os teñen?

- Que actuacións está a desenvolver o goberno naqueles concellos de máis de 5.000 habitantes que non teñen biblioteca para dar cumprimento á lei?

- Ten previsto acrecentar o cadro de persoal suficiente para atender os servizos encargados do desenvolvemento das políticas de xestión da Rede de Bibliotecas de Galicia e do Sistema de Xestión Integrado da Rede? De que forma e en que prazo?

- Por que o Partido Popular non ten aprobado o Plan de Lectura de Galiza logo de 13 anos de goberno?

- Que criterios segue o goberno para non acrecentar o orzamento destinado a bibliotecas públicas galegas, máis un ano, malia presentar un orzamento expansivo e o maior da historia?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/11/2022 10:00:39**

**Daniel Castro García na data 30/11/2022 10:00:44**

**Mercedes Queixas Zas na data 30/11/2022 10:00:59**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2022 10:31:48
Nº Rexistro: 44675
Data envio: 05/12/2022 10:31:48.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Manuel Antonio Lourenzo Sobral, Mª Carmen Aira Díaz, Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Alexandra Fernández Gómez, María González Albert, Mª Carme González Iglesias, Rosana Pérez Fernández, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Xosé Luis Rivas Cruz** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade de que o Parlamento Galego demande unanimemente ao goberno central xustiza respecto do papel produtor de enerxía de Galiza e corrixa os agravios existentes por soportarmos o impacto medioambiental e social sen recibir compensacións.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada diante das últimas novidades respecto das negociacións a nivel de estado para recoñecer e compensar as diferenzas territoriais na produción enerxética e a necesidade de que Galiza esixa un trato xusto a través dunha tarifa eléctrica máis barata e de medidas que garantan o respecto ao seu autogoberno e aos dereitos medioambientais e sociais das e dos galegos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2022 10:31:48
Nº Rexistro: 44675
Data envio: 05/12/2022 10:31:48.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O sector enerxético non é un sector económico máis, senón que ten un papel absolutamente central no desenvolvemento económico e social. En concreto, para Galiza é un sector aínda máis relevante debido a que tivo, ten e terá un papel de produtor de enerxía con importantes consecuencias sociais, territoriais, medioambientais e económicas. Máis aínda, neste contexto mundial de emerxencia climática e de transformacións na xeración e no consumo ao fío dunha transición enerxética que, se ben é necesaria, está a ser desorganizada e controlada polo lobby eléctrico, este debate cobra aínda máis importancia.

No contexto actual é tamén necesario recordar dúas cuestións. A primeira, que o rol produtor de Galiza non foi escollido polos galegos e galegas, senón que é consecuencia dun cúmulo de decisións alleas, unha parte fundamental delas impostas durante a ditadura franquista e continuadas posteriormente a través dun marco centralista para o sector eléctrico que afondou nese rol ao tempo que reservaba para outras partes do territorio o rol industrial. A segunda, que a nova crise que vive Galiza ten nos prezos enerxéticos unha gran responsabilidade e afonda na inxustiza de que este modelo colonial e antisocial xere millóns de euros en beneficios empresariais para unha minoría ao tempo que cada vez máis galegos e galegas teñen dificultades para quecer a súa casa e chegar a fin de mes.

Galiza non pode continuar de espectadora mentres se aumenta a achega e a produción enerxética renovable e non se compensa o impacto social, medioambiental e económico, tal e como estamos a ver nos problemas do modelo eólico depredador do goberno central e do Partido Popular, que se estende tamén ao ámbito fotovoltaico.

Neste contexto observamos como outras comunidades, como é o caso de Aragón, están a colocar enriba da mesa diferentes propostas respecto de como deben ser compensados polo seu papel produtor. É necesario que Galiza se posicione neste debate



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2022 10:31:48
Nº Rexistro: 44675
Data envio: 05/12/2022 10:31:48.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e se supere a falta de impulso do Partido Popular, que se limita a lexislar recorrentemente para poñer unha alfombra vermella ao lobby eléctrico sen as debidas garantías.

En conclusión, neste momento histórico Galiza debe reclamar xustiza e capacidade de decisión. Neste sentido, é necesario impulsar as medidas lexislativas e as negociacións políticas oportunas en dous sentidos: garantir unha tarifa eléctrica galega que compense a través dun abaratamento o noso papel produtor e as súas consecuencias e, ao tempo, garantir o autogoberno e a planificación necesarios para corrixir os problemas derivados da expansión desorganizada, descontrolada e sen garantías e garantir o impulso dun novo modelo enerxético galego.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para que Galiza sexa compensada polo seu papel produtor de enerxía eléctrica e poñer fin a 13 anos de fracasos neste ámbito?

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2022

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral**

**Mª Carmen Aira Díaz**

**Luis Bará Torres**



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2022 10:31:48
Nº Rexistro: 44675
Data envio: 05/12/2022 10:31:48.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Iria Carreira Pazos**

**Daniel Castro García**

**Ramón Fernández Alfonzo**

**Alexandra Fernández Gómez**

**María González Albert**

**Mª Carme González Iglesias**

**Rosana Pérez Fernández**

**Daniel Pérez López**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Mercedes Queixas Zas**

**Paulo Ríos Santomé**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 05/12/2022 10:06:28**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 05/12/2022 10:06:50**

**Mercedes Queixas Zas na data 05/12/2022 10:07:10**

**Rosana Pérez Fernández na data 05/12/2022 10:07:20**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2022 10:31:48
Nº Rexistro: 44675
Data envio: 05/12/2022 10:31:48.087

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Ramón Fernández Alfonzo na data 05/12/2022 10:07:31**

**Daniel Pérez López na data 05/12/2022 10:07:57**

**Iria Carreira Pazos na data 05/12/2022 10:08:09**

**Olalla Rodil Fernández na data 05/12/2022 10:08:23**

**Daniel Castro García na data 05/12/2022 10:08:51**

**María del Carmen Aira Díaz na data 05/12/2022 10:09:02**

**Noa Presas Bergantiños na data 05/12/2022 10:09:13**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/12/2022 10:09:22**

**María González Albert na data 05/12/2022 10:09:36**

**Xosé Luis Bará Torres na data 05/12/2022 10:09:56**

**María Montserrat Prado Cores na data 05/12/2022 10:10:13**

**Alexandra Fernández Gómez na data 05/12/2022 10:10:26**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 05/12/2022 10:10:35**

**María do Carme González Iglesias na data 05/12/2022 10:10:44**



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/12/2022 10:31:48
Nº Rexistro: 44675
Data envio: 05/12/2022 10:31:48.087

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Paulo Ríos Santomé na data 05/12/2022 10:10:53**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 10:09:21
Nº Rexistro: 44375
Data envio: 28/11/2022 10:09:21.263

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o Plan Integral de Danza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño, desde a AGADIC se anunciaba a chegada dun documento base de propostas prioritarias cara á redacción e aplicación das actuacións de mellora neste ámbito artístico que serviría de base á posterior elaboración e aplicación do Plan Integral para a Danza de Galiza.

Poñíase en valor o consenso acadado co sector e anunciábase unha nova fase na que se constituirían grupos de traballo específicos para abordar cada unha das propostas acordadas.

Entre as prioridades acordadas, o texto sinala o impulso á programación de danza, o fomento das residencias artísticas, unha maior profesionalización, o apoio ao talento emerxente ou a revisión das convocatorias de subvencións e coproducións.

Naquela altura, a AGADIC afirmaba que “a partir deste momento, iníciase unha nova fase na que estas propostas se clasificarán en liñas e obxectivos estratéxicos, constituíndose grupos de traballo específicos para abordar cada unha delas, sempre en diálogo co sector e baixo a revisión periódica da evolución do proceso. O obxectivo



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 10:09:21
Nº Rexistro: 44375
Data envío: 28/11/2022 10:09:21.263

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

final é a redacción do Plan que marcará o desenvolvemento e execución ao longo dos vindeiros anos destas medidas de mellora por parte do Goberno galego".

O consenso amentado inicialmente desde a AGADIC, tantas veces demandado desde o propio sector das artes escénicas en diferentes foros e desde o grupo do BNG en sede parlamentaria, semella ter desaparecido ao comprobarmos como se anuncia publicamente, por parte da AGADIC, a presentación do Plan Integral para a Danza de Galiza no marco do Culturgal o día 25 de novembro e, ao mesmo tempo, colectivos integrantes nas mesas de traballo fan pública a disconformidade con esta actuación unilateral do goberno galego, ao non se ter contado con eles no deseño do evento e ter incumprido os procedementos e prazos de participación do propio proceso do Plan Integral de Danza.

Un novo desprezo cara ao sector que vén agudizar aínda máis o desmantelamento programado do Centro Coreográfico Galego que nos orzamentos de 2023 volve baixar até os ínfimos 100.000 euros, o que volverá incidir na escala continuada de descapitalización cultural e redución de investimento público neste sector artístico coas conseguintes consecuencias nos procesos creativos e no acceso dos públicos á cultura.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai pór en marcha en 2023 o goberno para reactivar o seu compromiso coas artes do movemento nun contexto de redución do investimento progresiva?



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 10:09:21
Nº Rexistro: 44375
Data envio: 28/11/2022 10:09:21.263

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 28/11/2022 10:06:25**

**Daniel Castro García na data 28/11/2022 10:06:29**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 28/11/2022 10:06:40**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 11:02:56
Nº Rexistro: 44384
Data envio: 28/11/2022 11:02:56.263

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Daniel Pérez López, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa Kaekias Eólica SA resultou adxudicatoria de 75 MW no concurso eólico de 2010, para desenvolver os parques Campelo e Lamas de Feás. Dado que non se lle concederon os 108 MW solicitados, a empresa renunciou a executar o Plan Industrial, consistente en actuacións de secado térmico de lamas e fabricación de pellets, e optou por monetarizalo, resultando unha cantidade de 11.721.971 euros, que a empresa debería ingresar no fondo de capital risco SOGIGA do IGAPE no prazo dun mes desde a posta en funcionamento dos parques.

Debe terse en conta que a normativa reguladora do concurso de 2010 (Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos) e a regulamentación contida no artigo 7º (Características dos plans industriais presentados) prevía a opción da monetarización do plan industrial no caso de que a potencia concedida fose menor da solicitada. Nin nesta norma nin en ningunha outra posterior se preveu a opción de volver substituír a monetarización por un novo plan industrial.

Malia esta claridade da normativa, con data 13 de xuño de 2019 GREENALIA WIND POWER SLU presentou a documentación dun suposto plan industrial que segundo a empresa supoñía a subrogación do plan industrial de Kaekias Eólica que xa



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 11:02:56
Nº Rexistro: 44384
Data envio: 28/11/2022 11:02:56.263

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deixara de ter vixencia e validez. Nunha clara vulneración da lexislación, a empresa solicitaba cambiar a monetarización pola execución dun "novo" plan industrial, con novas actuacións non incluídas na proposta do concurso de 2010.

Neste "novo" plan industrial, GREENALIA WIND POWER SLU xustificou a realización de investimentos por valor de 12.601.749.50 euros e 33 empregos. Os proxectos desenvolvéronse a través das sociedades GREENALIA LOGISTICS e SMARTTIA RE Hotel San Andrés 56 e segundo a empresa consistiron nas seguintes actuacións:

-Recollida de Biomasa Forestal Residual (Greenalia Logistics)

-Buque para exportación sector forestal (Greenalia Logistics)

-Hotel San Andrés (Smarttia RE Hotel San Andrés 56)

Segundo a empresa, os investimentos deste suposto plan industrial realizáronse entre os anos 2015 e 2019, é dicir, en parte antes mesmo da adquisición da empresa Kaekias e polo tanto dos dereitos sobre os citados parques Campelo e Lamas de Feás. A este respecto cómpre ter en conta que as resolucións da Dirección Xeral de Enerxía e Minas polas que se autoriza a transmisión da titularidade do parque Campelo a favor de Greenalia Wind Power Campelo e Lamas de Feás a Greenalia Wind Power Lamas son do 3 de outubro de 2018.

Mediante resolución do 21 de xullo de 2021 a Directora Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais acepta a proposta de modificación do plan industrial presentada en novembro de 2019 por Greenalia. Estamos diante dun feito extraordinariamente grave, porque supón

a) contravir o previsto na orde reguladora do concurso de 2010;



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 11:02:56
Nº Rexistro: 44384
Data envio: 28/11/2022 11:02:56.263

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

b) aprobar e darlle validez legal a un suposto plan industrial que foi parcialmente executado antes da adquisición de Kaekias Eólica por parte de Greenalia;

c) aprobar, con carácter retroactivo, un plan que foi executado entre os anos 2015 e 2019, é dicir, antes da solicitude de modificación do plan industrial (novembro de 2019);

d) renunciar ao ingreso de 11.721.771 euros nas arcas públicas, co conseguinte prexuízo para as arcas públicas

5. Cómpre ter en conta, a maior abondamento, que diversas sociedades do grupo Greenalia obtiveron subvencións públicas para financiar proxectos incluídos no suposto plan industrial.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai adoptar a Xunta en relación coa tramitación irregular e manifestamente ilegal no ano 2021 da proposta de modificación do plan industrial á empresa Kaekias Eólica SA?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Daniel Pérez López**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Noa Presas Bergantiños**

Deputados e deputada do G.P. do BNG



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2022 10:52:29**

**Daniel Pérez López na data 28/11/2022 10:52:34**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/11/2022 10:52:46**

**Noa Presas Bergantiños na data 28/11/2022 10:52:57**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 12:54:53
Nº Rexistro: 44392
Data envío: 28/11/2022 12:54:53.341

## Á Mesa do Parlamento

**Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A única estrada autonómica que atravesa Vilaboa, concretamente á altura de Paredes, é a estrada PO-264, que une Paredes con Arcade por un viario secundario. Este viario presenta unha acusada inseguridade para a circulación tanto peonil dos veciños e veciñas de Vilaboa como do tráfico; un viario que rexistra un incremento considerable do tráfico de vehículos pesados o que eleva o risco para os viandantes.

O alcalde de Vilaboa trasladou á Xunta de Galicia diversas propostas de actuación inmediata, entre as que destacan as de calmado de tráfico coa instalación de lombos de asno nos lugares de maior risco para forzar a redución da velocidade onde hai maior circulación peonil, que coincide coa delimitación do núcleo rural de Paredes.

O goberno municipal tamén solicitou o ensanche do viario e a construción de beirarrúas, e a conexión peonil entre o trazado da estrada autonómica PO-264 e a estrada estatal N-550 para posibilitar a conexión coas restantes vivendas e equipamentos ao leste da vila.

Estas solicitudes foron feitas polo alcalde desta vila nunha reunión co Xefe Territorial de Infraestruturas, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o 20 de outubro deste ano.

Sen embargo desde a Xefatura Provincial de Infraestruturas remitiron ao alcalde directamente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ao tratarse dunha actuación que excede as competencias do departamento provincial.

Logo desta resposta o alcalde de Vilaboa solicitou de inmediato unha reunión coa conselleira de Infraestruturas para darlle traslado da situación de inseguridade que se rexistra no mencionado viario.

O Grupo Parlamentario Socialista considera que a Xunta de Galicia ten que actuar de forma urxente no tramo desta estrada que pasa por Vilaboa para garantir a seguridade neste trazado.

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 12:54:53
Nº Rexistro: 44392
Data envío: 28/11/2022 12:54:53.341

Os veciños e veciñas da zona conviven no seu día a día cunha gran inseguridade debido a esta estrada. O simple feito de camiñar por ela a fai moi perigosa e priva aos peóns de poder transitar por estar rúa en condicións de seguridade.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que a veciñanza de Vilaboa, merecen o compromiso de todas as forzas políticas do Parlamento de Galicia para conseguir que esta obra sexa canto antes unha realidade, por iso presentamos unha emenda aos orzamentos do 2023 da Xunta de Galicia solicitando a mellora da seguridade na PO-264, sendo rexeitada a emenda polo Goberno autonómico.

Agora mesmo, a veciñanza desta vila están sendo discriminados por un Goberno autonómico que non atende as súas demandas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Xunta de Galicia a realizar todas as obras que o concello de Vilaboa solicita para a PO-264 para mellorar a seguridade viaria nesta vila?

Pazo do Parlamento, 28 de novembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 28/11/2022 12:48:04**

**Patricia Otero Rodríguez na data 28/11/2022 12:48:12**

**Eduardo Ojea Arias na data 28/11/2022 12:48:22**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 12:55:51
Nº Rexistro: 44397
Data envío: 28/11/2022 12:55:51.873

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O Centro de Infantil e Primaria Reibón é o centro de infantil e primaria do Morrazo con máis alumnado. Este centro necesita unha reforma integral da cociña, esta reclamación foi realizada en varias ocasións por parte da dirección do colexio e polos pais e nais. A Consellería de Educación comprometera un cambio nestas instalacións de máis de 50 anos este verán, pero finalmente optou por unha obra menor.

En primavera a Consellería de Sanidade recomendou tomar medidas hixiénicas na cociña deste centro, neste momento é cando a Consellería de Educación prometeu a dirección do colexio que este verán substituiríase todo o piso, o alicatado das paredes e se reformaría a antiga instalación eléctrica, a fontanería e a de gas.

Sen embargo, dende a Xunta de Galicia finalmente só cambiaron o chan, polo que o Consello Escolar deste centro esixe á Xunta a prometida reforma integral da cociña. Tamén hai que ter en conta que esta cociña é utilizada para distintos eventos en Moaña, como por exemplo para a Festa do Mexillón.

O noso grupo parlamentario presentou unha emenda aos orzamentos do 2023 da Xunta de Galicia solicitando a reforma integral da cociña deste centro, sendo rexeitada a emenda polo Goberno autonómico.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia reformar totalmente a cociña do Centro de Infantil e Primaria Reibón de Moaña?

Pazo do Parlamento, 28 de novembro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 12:55:51
Nº Rexistro: 44397
Data envio: 28/11/2022 12:55:51.873

**María Leticia Gallego Sanromán na data 28/11/2022 12:51:25**

**Noelia Otero Lago na data 28/11/2022 12:51:32**

**Noa Susana Díaz Varela  na data 28/11/2022 12:51:40**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 44411
Data envio: 28/11/2022 14:13:06.466

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres** e **Rosana Pérez Fernández**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre investimentos do concello de Mazaricos ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Mazaricos comunicoulle á Consellaría da Presidencia a dificultade para cumprir o prazo para executar e xustificar os investimentos por valor de 50.000 euros das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental.

Trátase de obras correspondentes a catro parques infantís nos lugares de San Cosme, Ribabeza, Alborés e Quintáns, cuxa execución leva retraso polas dificultades de subministro de materiais ás empresas adxudicatarias.

O prazo previsto na Orde do 29 de decembro de 2021 polo que se convocaron as subvencións do Fondo de Compensación Ambiental era o 31 de outubro de 2022. O DOG do 28 de outubro de 2022 publicou a Orde de 24 de outubro de 2022 pola que se amplía o prazo, que quedou fixado no 18 de novembro de 2022. Esta ampliación xustificouse polo número de proxectos presentados e pola complexidade de tramitación e xustificación por parte das entidades locais beneficiarias.

Esta ampliación do prazo é considerada insuficiente polo concello de Mazaricos xa que a demora está causada por unha razón de forza maior e allea ao concello, derivada do actual contexto de incremento dos prezos e dificultades de subministración de materiais. Por esta razón, o concello de Mazaricos solicitoulle á Xunta unha



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 44411
Data envío: 28/11/2022 14:13:06.466

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ampliación do prazo maior para a xustificación das obras, nos supostos en que o retraso na execución non é atribuíbel á administración municipal.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego ampliar o prazo de xustificación das subvencións do Fondo de Compensación Ambiental nos casos en que o retraso estea causado por razóns de forza maior e alleas ás entidades locais?

Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Rosana Pérez Fernández**
Deputado e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 28/11/2022 14:11:39**

**Rosana Pérez Fernández na data 28/11/2022 14:11:43**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 18:17:00
Nº Rexistro: 44416
Data envio: 28/11/2022 18:17:00.156

**Á Mesa do Parlamento**

**Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

A Xunta de Galicia presentaba en 2021 o Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica anunciado cunha dotación de 191 millóns de euros e co que segundo a información trasladada pola consellería tiña previsto actuar en catro de cada dez dos arredor 1.100 centros escolares de titularidade pública que conforman o noso sistema educativo galego.

As necesidades urxentes en moitos centros de ensino teñen sido trasladadas de xeito incansable desde distintos concellos nos últimos anos ao tempo que asisten a posta en marcha desde a Consellería de Educación doutras actuacións en edificios de máis recente construción, en mellor estado de conservación e con menos alumnado.

Este desleixo obriga a moitos concellos a asumir obras e gastos de mantemento por problemas estruturais en edificios de titularidade da Xunta para tratar de atallar aínda que sexa de xeito precario moitas das deficiencias.

A situación que padecen alumnas e alumnos como por exemplo en Betanzos onde CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos construído nos anos 70 é un dos que ten maior matrícula da comunidade leva anos agardando por unha urxente mellora e reforma integral do centro. Despois das obras de reforma executadas tan só nun dos bloques do colexio no que se actuou na adecuación de fachada, cambio de xanelas, pintado e mellora da iluminación, o outro bloque continúa a padecer serias deficiencias e precisando dunha mellora integral que non chega. O persoal docente e o alumnado padecen a diario as graves deficiencias derivadas da falta de illamento, filtracións, perdas térmicas e frío ou problemas de iluminación. As filtracións de auga son tamén unha constante no patio cuberto do colexio. Outra das problemáticas que presenta este edificio é a falta de espazo para as nenas e nenos que acoden a diario ao comedor escolar, tendo que habilitar espazo no salón de actos que se ten visto inutilizado. A pesar de coñecer esta precaria situación que padece o persoal docente e o alumnado deste centro a Consellería de Educación segue amosando un enorme desleixo á hora de dar

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

resposta as necesidades e as xustas demandas do Concello e da comunidade educativa.

Tamén no Concello de O Grove son innumerables os problemas no estado dos colexios da localidade. A situación precaria que padecen nesta localidade de máis de 11.000 veciñas e veciños precisa de atención e dunha planificación e actuación urxente por parte da Consellería máis alá das accións incompletas executadas nos últimos anos. Con catro colexios de Educación Primaria, nos que hai escolarizadas máis de 800 nenas e nenos que merecen unhas instalacións dignas e seguras, non se entende que non se atendan as peticións trasladadas unha e outra vez desde o Concello durante estes anos, e que o alumnado e a comunidade educativa sigan padecendo unhas instalacións vellas, con moitas deficiencias, inseguras e sen os mínimos de accesibilidade.

Tamén o alumnado de Silleda comezou este novo curso 2022/2023 padecendo as graves deficiencias que dende hai anos afectan aos dous CEIP do municipio e a pesar de que a Xunta anunciou e comprometeu unha reforma e o arranxo nos centros en diversas ocasións. De feito, e unha pasado o verán sen telas executalas o Concello tivo que desenvolver traballos nos colexios titularidade da Consellería de Educación antes do comezo de curso para paliar algúns danos e o deterioro provocado polas humidades e filtracións. No caso do CEIP de Silleda as necesidades se remontan a hai máis dunha década de reclamacións por parte do Concello e da comunidade educativa, necesidades que co paso dos anos se agravaron precisando dunha reforma integral ambiciosa ou mesmo como se ten formulado a construción dun novo centro. Estamos a falar dun dos centros educativos máis antigos da comarca e que acolle a máis de 350 nenos e nenas.

A estes exemplos se lle suman moitos arredor de todo o país, centros que padecen pingueiras, humidades, mala climatización, frío, baños antigos e con tubaxes que desprenden malos olores, desprendementos e deficiencias en fachadas...

Segundo o anuncio realizado hai máis de ano e medio desde Educación, o Goberno galego levará a cabo ao redor de medio milleiro de actuacións en colexios e institutos públicos de toda Galicia en tres anos dentro do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica.

Pasado xa máis de ano e medio e ante a situación de precariedade de moitos colexios e institutos e chegados ao ecuador da previsión anunciada oficialmente

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/11/2022 18:17:00
Nº Rexistro: 44416
Data envío: 28/11/2022 18:17:00.156

pola Xunta de Galicia, cómpre facer balance e informar sobre a situación real do acometido e das previsións de arranxo, reformas e construcións de novas infraestruturas educativas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantas actuacións ten sufragado neste ano e medio no marco do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica?

Pazo do Parlamento, 28 de novembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 28/11/2022 18:16:24**

**Noa Susana Díaz Varela na data 28/11/2022 18:16:32**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 10:41:48
Nº Rexistro: 44423
Data envío: 29/11/2022 10:41:48.366

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSdeG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

A Escola de Educación Infantil de Estramundi de Arriba é a que ten maior demanda de prazas do municipio de Padrón, que se prevé incrementar nos próximos cursos xa que, como mínimo, se matricularán segundos e terceiros irmáns e irmás do alumnado actual.

Porén, o edificio no que se atopa emprazada non permite xa máis modificacións que o adapten ás necesidades actuais, o que fai precisa a construción dunha nova escola que teña novos espazos educativos e capacidade suficiente para cubrir as demandas da comunidade educativa.

Non obstante, mentres que non se constrúe a nova escola, o edificio debe ser obxecto dunha acción de renovación integral dado o seu mal estado de conservación, do que dá fe a comunidade educativa desta escola. Así, nun recente escrito dirixido ao Concello de Padrón denuncian o “deplorable estado” das fachadas do edificio, que presentan “gretas, descascados, buratos e fungos”, o que prexudica a matriculación na escola xa que moitas familias que se achegan a ela pensan que se atopa en estado de abandono.

Tamén a cuberta do edificio precisa unha renovación completa, que o Concello de Padrón asumiu pero sen que ata o de agora se executase. En todo caso, o cambio de cuberta é unha acción estrutural que debera ser acometida pola Xunta de Galicia.

Sexa como for, ben o Concello de Padrón ou ben a Xunta de Galicia deberan garantir que os nenos e nenas de Estramundi asistan ás súas clases en condicións dignas dunha educación pública de calidade. Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, preguntan:

Considera necesario construír unha nova escola de educación infantil en Estramundi xa que o actual edificio non permite máis modificacións que o adapten ás demandas actuais?

Pazo do Parlamento, 28 de novembro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Susana Díaz Varela na data 28/11/2022 13:21:46**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 10:41:48
Nº Rexistro: 44423
Data envío: 29/11/2022 10:41:48.366

**Noelia Otero Lago na data 28/11/2022 13:22:01**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 10:56:11
Nº Rexistro: 44428
Data envío: 29/11/2022 10:56:11.898

PARLAMENTO DE GALICIA

**A Mesa do Parlamento**

**Elena Candia López, José Antonio Armada Pérez, Daniel Vega Pérez, Rubén Lorenzo Gómez, Raquel Arias Rodríguez, Belén Cachafeiro Anta** e **Miguel Prado Patiño,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

A recuperación é unha das liñas estratéxicas da Consellería do Medio Rural a través da que se está poñendo coto ao abandono que, en gran parte, vén dado polo parcelamento da nosa comunidade e que historicamente foi atallado por medio das concentracións parcelarias, as cales continúan sendo executadas a través da *Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia* (coloquialmente coñecida como Metaga) –e agora tamén, en maior medida, por medio do desenvolvemento e aplicación da *Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia*–.

A estes efectos, os instrumentos regulados en ámbalas dúas leis favorecen de xeito específico a mobilidade da terra agraria mediante a reorganización técnica e xurídica da propiedade, reducindo o índice de fragmentación, clarificando a propiedade, acondicionando os terreos e mellorando a accesibilidade ás distintas fincas, co fin último de optimizar a base territorial das explotacións agrícolas, gandeiras e forestais da nosa comunidade, garantindo como requisito fundamental a protección dos valores naturais, patrimoniais e paisaxísticos co obxecto de facilitar un despegue socioeconómico do rural galego.

Neste marco, as reestruturacións parcelarias levan permitido afondar de forma determinante na investigación da propiedade, a clasificación dos terreos, a apertura de novas vías de acceso e a comunicación e regularización da inscrición do rexistro de persoas propietarias, revertendo un beneficio directo nun importante número de titulares afectados.

Así mesmo, tanto as aldeas modelo como os polígonos agroforestais constitúen unha vía rápida de recuperación e posta en produción de terras de boa capacidade produtiva que, co paso do tempo, acadaron estados de abandono ou infrautilización. En definitiva, é evidente como estas ferramentas contribúen a un uso máis eficiente e sostible da terra agraria a través da ordenación dos usos do solo rural e da minoración

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos predios abandonados; un obxectivo que, ademais, está sendo cumprido na práctica.

Ao abeiro do disposto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia cremos firmemente na potencialidade destes instrumentos, especialmente das concentracións parcelarias, en consideración da longa traxectoria rexistrada na nosa comunidade e a mobilización dun gran número de hectáreas que, á data de hoxe, favorece a actividade de moitos agricultores e gandeiros galegos e, en adición, optimiza a estrutura territorial da nosa comunidade, singularmente caracterizada polo minifundismo.

Ao respecto, co fin de facer constar os datos das reestruturacións parcelarias no Parlamento de Galicia para avaliar dita potencialidade, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Pleno:

Cal é o balance que fai o Goberno galego das reestruturacións parcelarias da nosa comunidade ata o momento?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**María Elena Candia López na data 29/11/2022 10:53:11**

**José Antonio Armada Pérez na data 29/11/2022 10:53:36**

**Daniel Vega Pérez na data 29/11/2022 10:53:53**

**Rubén Lorenzo Gómez na data 29/11/2022 10:54:08**

**Raquel Arias Rodríguez na data 29/11/2022 10:54:20**

**Cachafeiro Anta, Belén na data 29/11/2022 10:54:37**

**Prado Patiño, Jesús Miguel na data 29/11/2022 10:54:46**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 11:34:38
Nº Rexistro: 44436
Data envío: 29/11/2022 11:34:38.491

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área de Influencia do Hospital Comarcal de Monforte abrangue unha extensión de case 2.000 Km cadrados e 11 concellos, afectando polo tanto a unha poboación de aproximadamente 50.000 persoas. A media de idade é cada vez máis elevada co que a posibilidade de desprazamento das persoas é reducida e en moitos casos dependente dos seus familiares, mentres se incrementan as necesidades de atención sanitaria. As vías de comunicación están en desigual estado e é fácil vivir en zonas especialmente illadas.

Mentres as políticas de persoal na Sanidade foron conducentes á escaseza de profesionais por falta de relevo e empeoramento das condicións laborais, cuestión esta que se acusa máis en zonas como esta á que nos referimos, na que resulta moi difícil que se fixe, sobre todo persoal médico e incluso reter o que hai, pero tamén a ter unha plantillas escuálidas noutras categorías, sanitarias e non sanitarias.

Todo isto conduce a situacións como as que se veñen dando dende hai moito tempo tanto no H. Comarcal como nos Centros de Saúde da súa área de influencia. A falta de persoal condiciona a asistencia sanitaria pública e alónxaa da poboación, de

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 11:34:38
Nº Rexistro: 44436
Data envio: 29/11/2022 11:34:38.491

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feito condúcea a buscar asistencia sanitaria en centros privados debido ás listas de espera tanto no hospital como na Atención Primaria.

O Hospital sofre un problema grave de falta de Facultativos Especialistas:

No aparato dixestivo.- Tiñan 2 e quedaron hai 5 ou 6 anos con un só por unha xubilación que non se cubriu, agora xubilouse outro co cal non hai asistencia desta especialidade no hospital dependendo do HULA, ou ben porque veñan estes especialistas de alí como porque son os pacientes os que teñen que desprazarse para recibir asistencia. A recente dotación de 1 profesional de dixestivo non parece suficiente para cubrir as necesidades de esta especialidade no H. Comarcal.

Cardioloxía, están con 1 facultativo só dende o ano pasado co que isto supón para a atención inmediata das pacientes, volvendo neste caso á dependencia do HULA.

Neuroloxía, perderon os especialistas que tiñan e o mesmo está a punto de pasar coa especialista en Rehabilitación.

Pediatría, a dotación de 2 pediatras aínda deixa a especialidade con necesidade de como mínimo un especialista máis xa que había 4 e agora quedarán 3. Esta categoría profesional é especialmente sensible xa que a esta falta hai que sumarlle a necesidade de Especialistas en atención primaria.

Con respecto ao resto do persoal do hospital teñen a tódalas categorías como deficitarias, pero algunhas delas están reforzadas con persoal eventual con contratos precarios sen que haxa visos de estabilizar estes postos. Polo que é fundamental facer o correcto dimensionamento das plantillas de tódalas categorías e proceder a encontrar profesionais para o que é imprescindible garantir unhas condicións laborais de calidade.



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende logo non ten sentido deixar, ou fomentar que o Hospital Comarcal de Monforte acabe sendo un Centro de Alta resolución por ausencia paulatina de cada vez máis especialidades médicas e ou por falta de dotación de outro persoal.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o Goberno da Xunta tomar as medidas precisas para a dotación e fixación de persoal, nomeadamente Facultativo das Especialidades Médicas das que, ou ben é deficitario o H. Comarcal de Monforte ou ben é carente, garantíndolles unhas condicións laborais dignas?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
**Iria Carreira Pazos**
**Montserrat Prado Cores**
Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 29/11/2022 11:31:33**

**Iria Carreira Pazos na data 29/11/2022 11:31:36**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 11:34:38
Nº Rexistro: 44436
Data envio: 29/11/2022 11:34:38.491

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**María Montserrat Prado Cores  na data 29/11/2022 11:31:47**



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 12:12:27
Nº Rexistro: 44444
Data envio: 29/11/2022 12:12:27.960

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A visión do paciente por parte do aparello lexislativo e do sistema sanitario foi cambiando ó longo do tempo, abandonando a visión paternalista que se tiña, e pasando a lexislar en favor do respecto á capacidade de decisión das usuarias e usuarios, outorgándolles autonomía a través da creación dun corpo lexislativo, a respecto das decisións concernentes á súa saúde, pero tamén a como finalizar a súa vida no caso de sufrir enfermidades que lle impidan manifestar a súa vontade

Recentemente houbo cambios lexislativos no relativo á mellora da Autonomía do Paciente en canto a poder acabar co seu sufrimento no caso de que sufra enfermidades que causen un padecemento grave, crónico ou imposibilitante e para iso lexislouse sobre a Eutanasia. Estes cambios estiveron motivados pola reivindicacións da sociedade despois de que houbera sinalados casos ao longo do tempo que fixeron que cobráramos conciencia do inxusto que era someter a unha persoa a un sufrimento gratuíto ó fin da súa vida por querer mantela viva dun xeito antinatural e forzado.

En todas esta evolución tivo un papel trascendental entre outras a Asociación Federal polo dereito a Morrer Dignamente, que nace no ano 1984, co fin de promover o dereito de toda persoa a dispoñer con liberdade do seu corpo e da súa vida, e a elixir



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

libre e legalmente o momento e os medios para finalizala e tamén defender o dereito dos enfermos terminais e irreversibles a morrer sen sufrimentos, si este o seu desexo expreso. Para isto sirve este documento, comunmente chamado Testamento Vital, para que unha persoa maior de idade, manifeste anticipadamente a súa vontade sobre os coidados e o tratamento da súa saúde ou, unha vez chegado o falecemento, sobre o destino do seu corpo ou órganos

É precisamente a vertente galega desta asociación a que está realizando charlas por toda Galiza para falar destes grandes logros ó longo do tempo. Consideramos dende o BNG que debería ser dende a Xunta de Galiza e a Consellería de Sanidade dende onde se tería que levar a cabo este esforzo divulgativo, debendo recaer o groso destas actuacións nas institucións públicas sendo, as asociacións e outras entidades privadas complementarias.

Porén, dende a Xunta de Galiza non se fixo antes nin se está a facer agora unha difusión sistemática destes dereitos de cara a unha morte digna. Isto podemos corroboralo polo número de persoas que figuran inscritas no rexistro de Instruccións Previas, que é como se chama o testamento vital no noso país, que no 2019 contaba con algo menos de 9000 persoas e agora mesmo probablemente con pouco máis de esa cifra, que non chega a ser o 1% da poboación galega despois de que se creara no 2008.

Para poder facer un Testamento Vital ou documento de Instruccións Previas válido poden facerse de tres modos diferentes

• Ante tres testemuñas maiores de idade e con plena capacidade de obrar, das cales dúas, como mínimo, non poderán ter relación de parentesco ata o segundo grao por consanguinidade ou afinidade nin estar vinculadas por relación patrimonial coa persoa outorgante (gratuíto)



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 12:12:27
Nº Rexistro: 44444
Data envio: 29/11/2022 12:12:27.960

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

• Ante notario. (con custe)

• Ante o persoal do Rexistro galego de instrucións previas ou das unidades habilitadas. Se quere vostede formalizar o seu documento ante este persoal, debe pedir cita previa no teléfono do Rexistro ou da unidade habilitada correspondente. (Gratuíto).

Pero acontece que na Provincia de Lugo non se están a poñer os suficientes medios para a creación de rexistros e unidades habilitadas para isto, co cal a porcentaxe de inscritas e inscritos focalízase maioritariamente na Coruña e en Pontevedra tal e como se pode ver no rexistro por provincias, sería moi interesante tamén ver o número de persoas do rural que están inscritas e o nivel de coñecemento destes dereitos que teñen (non atopamos datos).

Na propia páxina do SERGAS, figuran os seguintes datos do número de rexistro e puntos de formalización, CO 22, PO 9, Ou 9, Lu 1, o que parece indicar que foi máis unha decisión por Xerencias que unha política centralizadas.

Quero sinalar que as dimensións da Provincia de Lugo, a dispersión xeográfica da súa poboación, as dificultades na conectividade, non favorecen en absoluto nin o coñecemento destes dereitos sanitarios nin tampouco facelos valer aínda que se coñezan, o cal incrementa as dificultades de exercicio das persoas potencialmente usuarias.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar o Goberno da Xunta para garantir o dereito das persoas de Lugo ao acceso e formalización dos Documentos de Instrucións Previas, xenericamente chamados Testamentos Vitais?



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 12:12:27
Nº Rexistro: 44444
Data envio: 29/11/2022 12:12:27.960

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 29/11/2022 12:09:26**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/11/2022 12:09:30**

**Iria Carreira Pazos na data 29/11/2022 12:09:44**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2022 12:09:53**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 12:39:59
Nº Rexistro: 44450
Data envío: 29/11/2022 12:39:59.648

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores** e **Iria Carreira Pazos**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A área de Influencia do Hospital Comarcal de Monforte abrangue unha extensión de case 2.000 Km cadrados e 11 concellos, afectando polo tanto a unha poboación de aproximadamente 50.000 persoas. A media de idade é cada vez máis elevada co que a posibilidade de desprazamento das persoas é reducida e en moitos casos dependente dos seus familiares, mentres se incrementan as necesidades de atención sanitaria. As vías de comunicación están en desigual estado e é fácil vivir en zonas especialmente illadas.

Mentres as políticas de persoal na Sanidade foron conducentes á escaseza de profesionais por falta de relevo e empeoramento das condicións laborais, cuestión esta que se acusa máis en zonas como esta á que nos referimos, na que resulta moi difícil que se fixe, sobre todo persoal médico e incluso reter o que hai, pero tamén a ter unha plantillas escuálidas noutras categorías, sanitarias e non sanitarias.

Todo isto conduce a situacións como as que se veñen dando dende hai moito tempo tanto no H. Comarcal como nos Centros de Saúde da súa área de influencia. A falta de persoal condiciona a asistencia sanitaria pública e alónxaa da poboación, de

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 12:39:59
Nº Rexistro: 44450
Data envio: 29/11/2022 12:39:59.648

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

feito condúcea a buscar asistencia sanitaria en centros privados ou nas urxencias hospitalarias, debido ás listas de espera tanto no hospital como na Atención Primaria.

A situación sanitaria na Atención Primaria está ó límite por falta tamén de cobertura tamén neste caso de tódalas categorías, aínda que a máis escasa en canto a cobertura de ausencias é a de Medicina de Familia e isto repercute tamén nas condicións laborais do resto do persoal.

No propio Centro de Saúde de Monforte a plantilla médica queda reducida a menos de un tercio en moitas ocasións, debido precisamente a que non se cobren as ausencias non sendo suficiente os cambios feitos entre quendas. Todo isto repercute tamén nas cargas de traballo do resto de persoal e por ende na precarización das condicións laborais e na calidade asistencial, tal e como demostra o feito de que hai listas de espera de máis de unha semana para acceder á atención neste Centro de Saúde.

O mesmo acontece na atención primaria de outros concellos da zona, onde está resultando problemático estabilizar persoal facultativo e hai problemas para garantir unha boa calidade asistencial.

Tamén merece mención especial a Atención Pediátrica que vén contando con dificultades para a cobertura destes postos o que causa problemas de asistencia á poboación infantil.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai o goberno da Xunta establecer un plan específico para dotar de persoal a Atención Primaria a zona Sul de Lugo co fin de normalizar a asistencia sanitaria na zona?



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 12:39:59
Nº Rexistro: 44450
Data envio: 29/11/2022 12:39:59.648

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2022

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

**Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

Deputadas do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Aira Díaz na data 29/11/2022 12:37:06**

**Iria Carreira Pazos na data 29/11/2022 12:37:11**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/11/2022 12:37:20**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 12:57:12
Nº Rexistro: 44457
Data envio: 29/11/2022 12:57:12.070

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 16 de novembro de 2022 o vicepresidente da Xunta, Diego Calvo, recibiu no seu despacho oficial ao concelleiro e portavoz municipal do PP de Dodro. Segundo información difundida en redes sociais polo PP de Dodro, o obxecto da reunión foi tratar diferentes asuntos de ámbito local, de competencia da Xunta, e literalmente “Novos proxectos para Dodro”.

Resulta de interese coñecer os criterios que rexen a axenda institucional do vicepresidente da Xunta, e a súa posíbel confusión coa axenda política partidista do Presidente do PP na provincia da Coruña.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego pilotar a campaña do PP ás eleccións municipais de 2023 desde os despachos da Xunta?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2022



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

**Iria Carreira Pazos**

Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2022 12:54:50**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/11/2022 12:54:53**

**Iria Carreira Pazos na data 29/11/2022 12:55:03**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 13:16:54
Nº Rexistro: 44463
Data envio: 29/11/2022 13:16:54.257

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Iria Carreira Pazos**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a confusión da axenda institucional e axenda partidista do director da Axencia Galega de Infraestruturas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de outubro de 2022 o director da Axencia Galega de Infraestruturas, Francisco Menéndez, visitou o concello de Dodro atendendo unha invitación do portavoz municipal do Partido Popular.

Segundo información difundida nas redes sociais, na visita percorreron diferentes lugares do concello para coñecer a situación da estrada AC 305, de competencia da Xunta. No lugar de Vexo, trataron "a necesidade de construción dunha senda peonil na marxe esquerda". E "tamén tiveron tempo para avaliar as posíbeis melloras na estrada AC 305 en Imo, Salvanxe e Vigo".

Resulta do máximo interese coñecer os criterios que rexen as visitas ao territorio dos cargos da Xunta de Galiza, a súa posíbel confusión coa axenda partidista do PP, e, sobre todo, en que medida os proxectos do goberno galego poden esta condicionados polas demandas de militantes e cargos do PP.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En que medida os proxectos e obras do goberno galego no territorio están condicionados polas demandas de cargos partidarios do PP?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
**Iria Carreira Pazos**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2022 13:14:26**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 29/11/2022 13:14:30**

**Iria Carreira Pazos na data 29/11/2022 13:14:40**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 44471
Data envio: 29/11/2022 16:24:36.898

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos, Montserrat Prado Cores** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación sanitaria do concello de Frades.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública no noso País atópase nunha grave situación. A reiterada falta de investimento sanitario en Atención Primaria ten consecuencias directas, que estamos a padecer actualmente. A falta de persoal sanitario en Atención Primaria é unha constante que se repite por todo o País, que atinxe tanto a Centros de Saúde coma a Puntos de Atención Continuada. Esta carencia afecta de xeito especialmente grave ao persoal facultativo, tanto especialistas en medicina de familia coma de pediatría, mais tamén se estende ao de enfermaría ou ao de servizos xerais, ou a outro persoal máis minoritario.

Desde o BNG temos alertado en numerosas ocasións de que esta falta de persoal ten implicacións sobre a saúde da poboación, ao dificultar a accesibilidade que debe ser máxima na Atención Primaria. Exemplo disto é o sucedido recentemente no concello de Frades. Un accidente no centro escolar supuxo que un rapaz sufrise un traumatismo cranial ficando inconsciente durante varios minutos. A pesar da alerta precoz aos servizos de emerxencia desde o centro, a asistencia sanitaria tivo que demorarse ata a chegada ao CHUS, pois cando isto sucedeu, ás 14h, non había persoal facultativo no centro de saúde da Ponte Carreira. Afortunadamente, o incidente non tivo consecuencias



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 44471
Data envío: 29/11/2022 16:24:36.898

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maiores, atopándose o menor en bo estado de saúde, mais fica a inquietude e o nerviosismo entre a veciñanza.

As ausencias do persoal facultativo están sendo cubertas só de xeito parcial, sendo moitas as horas que o concello non conta con médicas, tanto no centro de saúde da Ponte Carreira coma no consultorio de Abellá. Isto súmase ás carencias tamén de enfermaría, atopándose unha única enfermeira para os dous centros en moitos casos, ou no caso do PAC de Ordes, o de referencia para esta localidade, que aínda non ten garantidos os dous equipos completos, vulnerando o acordo de desconvocatoria de folga de xullo de 2019.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previstas para garantir a cobertura do persoal sanitario no concello de Frades?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2022

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

**Montserrat Prado Cores**

**Olalla Rodil Fernández**

Deputadas do G.P. do BNG

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 44471
Data envio: 29/11/2022 16:24:36.898

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 29/11/2022 16:21:57**

**María Montserrat Prado Cores  na data 29/11/2022 16:22:01**

**Olalla Rodil Fernández  na data 29/11/2022 16:22:10**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:18:02
Nº Rexistro: 44476
Data envio: 29/11/2022 17:18:02.695

grupo socialista Parlamento de Galicia PSdeG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Eduardo Ojea Arias e Patricia Otero Rodríguez,** deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Covid aínda presente, a crise da enerxía, a guerra de Ucraína, a inflación descontrolada e agora a subida dos tipos de interese dos préstamos hipotecarios, xeran un desequilibrio nas economías das familias máis vulnerables. A vivenda, xa era un problema antes e agora agudizouse máis, de aí que as administracións deban dedicarlle máis atención nos seus orzamentos.

As familias con menos ingresos cada vez teñen máis dificultades para acceder a unha vivenda, os prezos disparáronse, no ano 2014 o prezo medio era de 364 e no 2022 é de 472, é dicir un 30 % máis cara nos últimos 8 anos. Tamén isto inflúe na dificultade para pagar a fin de mes os gastos da vivenda, así no ano 2008 había un atraso no pago do gasto de vivenda do 3,4 %. Hoxe estamos preto do 9 % , case o triplo. En Galicia máis de 253.000 persoas presentan carencias materiais severas o que implica un empeoramento do acceso a unha vivenda digna, accesible e axeitada na poboación máis vulnerable.

Si ollamos ao Rexistro de Demandantes de Vivenda, vemos que ano tras ano non mellora, e os demandantes non fan máis que renovar a súa demanda, sen ningún cambio importante. Dos máis de 15.000 persoas demandantes o 83 % solicitan Vivenda de Promoción Pública. En Galicia o 0,32 % da vivenda pública está destinada a alugueiro social, que veñen sendo 3.534 vivendas de titularidade en réxime de alugueiro social. A pesares do rexistro de demandantes só un 19 % de vivenda pública está dedicada ao alugueiro. O investimento por habitante en vivenda é de 34,7 €/habitante, o que fai que Galicia estea no vagón de cola. Non é tarefa fácil, sabendo que de cada 100 € do orzamentado para Galicia, so 1 € será para vivenda. Non é menos certo que no ano 2009 a programa de Acceso a Vivenda tiña 109 millóns destinados a acceso a vivenda e 78 millóns a rehabilitación.

A construción de vivendas protexidas e a súa adxudicación aos colectivos máis vulnerables debería ser unha prioridade nestes momentos, así como facer unha boa política de alugueiro. É de recordar que a exclusión residencial precovid era do 35 %, agora é moito maior, e en cambio a oferta de vivenda en alugueiro caeu en Galicia, 27 % en Ourense, 16 % en A Coruña e Lugo , e o 1 % en Pontevedra.

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:18:02
Nº Rexistro: 44476
Data envio: 29/11/2022 17:18:02.695

As políticas de vivenda, tanto de construción de vivendas para persoas vulnerables e de políticas para favorecer o acceso ao alugueiro, nos últimos 13 anos, indican un déficit na execución deste tipo de vivendas por parte da Xunta de Galicia.

Só co impulso progresista en España a través do Plan estatal de acceso a vivenda 2022/2025 e os fondos europeos remitidos a Xunta, moven ficha. O Estado fai unha aposta sen precedentes en materia de vivenda que tamén favorece aos galegos/as.

A Xunta de Galicia ante a necesidade de construción de vivenda para o alugueiro convocará a través do IGVS, máis de 28 millóns €, dos que 16 millóns € proceden de fondos europeos aos que se engaden outras axudas procedente do Plan estatal para o acceso a vivenda 2022/2025 cunha contía de 12millóns € .

Están destinadas a construción de vivendas por parte de promotores públicos, ou privados e concellos para o alugueiro cun mínimo de 50 anos.

Sabido é da necesidade deste tipo de vivenda para o alugueiro nun momento no que a compra dunha vivenda propia se está a converter en privativo para a maioría dos galegos/as, tanto polo incremento do valor das hipotecas, pola mobilidade laboral, e pola dificultade de adaptación dos soldos a realidade diaria, motivada pola inflación xerada pola guerra de Ucraína.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos fondos propios para o ano 2023 aportará o Goberno da Xunta para as políticas de vivenda en Galicia, a maiores do establecido e financiado no Plan estatal de acceso a vivenda 2022/2025 e dos fondos europeos?

Pazo do Parlamento, 28 de novembro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Eduardo Ojea Arias na data 29/11/2022 17:16:12**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:18:02
Nº Rexistro: 44476
Data envio: 29/11/2022 17:18:02.695

**Patricia Otero Rodríguez na data 29/11/2022 17:16:19**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:46:12
Nº Rexistro: 44486
Data envio: 29/11/2022 17:46:12.491

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres, Ramón Fernández Alfonzo** e **Noa Presas Bergantiños**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a regulamentación e fomento das comunidades enerxéticas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A produción, distribución e consumo é un sector estratéxico da economía e debería ser un dereito fundamental da cidadanía, mais no actual contexto económico converteuse nun ben moi custoso e sometido aos vaivéns e aos intereses do mercado. A regulación do sector enerxético provoca movementos especulativos e un réxime de oligopolio no que unhas poucas empresas teñen o control de case toda a cadea do sector eléctrico, o que xera beneficios multimillonarios para un reducido grupo de actores e graves prexuízos para a maioría social. A escalada dos prezos da enerxía eléctrica que se produciu ao longo do ano 2021 e nos primeiros meses do 2022 é unha das caras máis visíbeis dun sistema cruel e inxusto, unha realidade que ten un importante impacto negativo nos sectores económicos, nas pemes, e nos fogares.

Desde o BNG defendemos cambios estruturais no modelo enerxético que pasan pola intervención pública no sector, medidas de redución do prezo, supresión dos beneficios chovidos do ceo ou creación dunha tarifa eléctrica galega que permita reducir o prezo da luz atendendo á condición de Galiza de exportadora de enerxía eléctrica.

Ao mesmo tempo, nos últimos anos agromaron movementos sociais que cuestionan o sistema enerxético centralizado e oligopolístico e defenden como



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:46:12
Nº Rexistro: 44486
Data envío: 29/11/2022 17:46:12.491

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

alternativa modelos distribuídos, de proximidade que na práctica supoñen un maior grao de socialización e democratización do acceso á enerxía e unha sorte de empoderamento enerxético cidadán.

Como resposta a estes movementos, a UE incorporou no dereito comunitario as "comunidades enerxéticas". Fíxoo en 2018 mediante a Directiva (UE) 2018/2001 e en 2019 coa Directiva (UE) 2019/944 coas que se incorpora o concepto das "comunidades enerxéticas locais" e as figuras xurídicas das "comunidades de enerxías renovábeis" (2018) e das "comunidades cidadás de enerxía" (2019). Estas entidades defínense como "calquera asociación, cooperativa, sociedade, organización sen ánimo de lucro ou outra entidade xurídica dedicada á xeración distribuída e á realización de actividades dun xestor de rede de distribución, subministrador ou agregador a nivel local".

Estas figuras xurídicas foron trasladadas á lexislación española mediante o Real Decreto lei 23/2020 polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica (que modifican determinados aspectos da Lei 24/2013 do sector eléctrico). No citado RD 23/2020 defínense as Comunidades de Enerxías Renovábeis como "entidades xurídicas baseadas na participación aberta e voluntaria, autónomas e efectivamente controladas por socios ou membros que están situados nas proximidades dos proxectos de enerxías renovábeis que sexan propiedade destas entidades xurídicas, cuxos socios ou membros sexan persoas físicas, pemes ou entidades locais, incluídos os concellos, e cuxa finalidade primordial sexa fornecer de beneficios medioambientais, económicos ou sociais aos seus socios ou membros, ou ás zonas locais onde operan, en lugar de ganancias financeiras".

As comunidades enerxéticas poden desenvolver as seguintes actividades:

-Xeración de enerxía procedente de fontes renovábeis.

-Servizos de eficiencia e rehabilitación enerxética.



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Subministro, consumo, agregación e almacenamento de enerxía, e potencialmente distribución.

-Prestación de servizos de recarga de vehículos eléctricos ou doutros servizos enerxéticos.

Se ben esta figura xurídica forma parte da lexislación comunitaria e estatal, está pendente a súa efectiva transposición mediante o desenvolvemento dos aspectos xurídicos, técnicos e financeiros que deben regular as comunidades enerxéticas locais e a súa participación no sector enerxético. Aínda que a finais de 2020 se abriu polo goberno central unha "Consulta pública previa de comunidades enerxéticas locais", non chegou a aprobarse o instrumento xurídico que debe regulalas.

Debido a esta indefinición legal, actualmente existen moitas trabas e restricións que dificultan a creación de comunidades locais de enerxía. A falta de seguridade xurídica está a provocar a ralentización de proxectos, que moitas veces teñen que tramitarse como proxectos de autoconsumo para salvar o baleiro legal. Ademais, as limitacións aplicadas na práctica de 0.5 km de distancia entre o punto de produción e de consumo e o máximo de potencia de 100 kW constitúen unha dificultade engadida para o interese e a viabilidade dos proxectos de autoconsumo colectivo e de comunidades enerxéticas.

Para facer fronte a esta situación, numerosos colectivos e institucións están promovendo unha serie de demandas que deben incluírse no futuro decreto regulador das comunidades enerxéticas:

a) O incremento da distancia até 5 km e da potencia até 5 MW

b) A simplificación dos trámites administrativos

c) A supresión de cargos e peaxes



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

d) A ampliación das modalidades de compensación de excedentes

No ámbito galego, as comunidades de montes en mancomún dirixíronse ao goberno central solicitando a súa inclusión na figura xurídica das "comunidades enerxéticas", xa que coa actual regulación non poden actuar como tales. Cómpre ter en conta que en Galiza existen unhas 2.700 comunidades de montes en man común que xestionan aproximadamente 600.000 ha de monte, un 20% o territorio galego. E dáse o paradoxo de que, mentres estes montes son literalmente ocupados para desenvolver xigantescos polígonos industriais eólicos, as comunidades de montes son sistematicamente excluídas das convocatorias do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de Enerxías Renovábeis. Recentemente o IDAE lanzou dúas novas convocatorias do CE Implementa: o 19 de decembro abrirán as convocatorias 3 (para proxectos de menos de 1 millón de euros) e 4 (para proxectos superiores a 1 millón de euros). E as comunidades de montes non poderán concorrer a estas convocatorias.

Máis alá da regulación efectiva e favorábel das comunidades enerxéticas, as institucións públicas deben actuar como impulsoras, promotoras e fomentadoras deste modelo distribuído e de proximidade, como alternativa social ao modelo intensivo e depredador dos grandes polígonos enerxéticos de iniciativa privada que están literalmente ameazando e invadindo amplas zonas da xeografía galega.

No caso do goberno galego, debe impulsar por si propio e tamén en colaboración con concellos, con cooperativas, con pemes e con organización sociais un gran proxecto de país para a información, a formación, o asesoramento e o impulso de proxectos de comunidades enerxéticas.



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/11/2022 17:46:12
Nº Rexistro: 44486
Data envio: 29/11/2022 17:46:12.491

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o goberno galego de interese desenvolver unha estratexia e un plan para a creación de 40 comunidades enerxéticas nos anos 2023 e 2024?

Santiago de Compostela, 29 de novembro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**
**Ramón Fernández Alfonzo**
**Noa Presas Bergantiños**
Deputados e deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/11/2022 17:43:30**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 29/11/2022 17:43:34**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/11/2022 17:43:45**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 10:04:23
Nº Rexistro: 44503
Data envio: 30/11/2022 10:04:23.526

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García** e **Manuel Lourenzo Sobral**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o estado actual das bibliotecas públicas galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galiza, publicada no DOG o 27 de xuño de 2012, aprobouse hai xa 10 anos co obxectivo de consolidar as bibliotecas como centros produtores e provedores de información que favorezan os procesos de democratización cultural; como espazos de formación e desenvolvemento; e como un punto de encontro cultural.

Esta norma apostaba, segundo a Consellería, por grandes bibliotecas centrais ben dotadas; polo traballo en rede no ámbito local a partir da biblioteca central coas bibliotecas de proximidade, que acheguen o servizo aos cidadáns; pola presenza da biblioteca fóra da súa propia sede, entendendo a biblioteca como un centro de información, aprendizaxe e cultura; e o incremento dos servizos en liña.

No grupo parlamentario do BNG constatamos que, superada unha década desde a aprobación da Lei de bibliotecas de Galiza, e malia a ausencia de avaliación por parte do goberno do Partido Popular, cómpre analizar a implementación desta lei tan necesaria como ferramenta coeducadora e de cohesión social.



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 10:04:23
Nº Rexistro: 44503
Data envío: 30/11/2022 10:04:23.526

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por unha banda, seguimos a constatar o que xa temos evidenciado nesta lexislatura: a falta de desenvolvemento regulador da Lei 5/2012 de bibliotecas de Galiza, que obriga a manter vixente de xeito transitorio o Decreto 41/2001, un regulamento que non se axusta á realidade social e bibliotecaria actual nin ao marco legal vixente.

Pola outra, anualmente preséntase desde o Ministerio de Cultura os datos estatísticos correspondentes ao estado da rede bibliotecaria. Nestes días coñecemos o último estudo referido ao ano 2020, así como a avaliación que puntualmente elabora BAMAD, e que, entre outros, coloca o foco nos seguintes aspectos:

- 91 concellos non teñen biblioteca; a maioría pertencen á provincia de Ourense (50 concellos sen biblioteca fronte a 42 que si a teñen) e as restantes á de Lugo (25 concellos non a teñen fronte a 42 que si). Un déficit que en absoluto se poderá compensar co procedemento, por fin recentemente iniciado despois de sucesivos anuncios cos seus correspondentes adiamentos, de dotación de servizos bibliotecarios móbiles.

- O financiamento público das bibliotecas públicas galegas está por debaixo da media estatal até un 15%.

- Galiza segue, como en anos anteriores, por debaixo da media estatal en todos os indicadores agás no número de documentos por habitante e nas adquisicións de documentos por cada mil habitantes.

- Perda continua de persoal bibliotecario que desde 2016 descendeu en 39 persoas.



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 10:04:23
Nº Rexistro: 44503
Data envio: 30/11/2022 10:04:23.526

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O balance negativo referente ás bibliotecas públicas galegas vén recollido no recentemente aprobado Plan Estratéxico de Galiza 2022-2030, malia non estar actualizada na súa base de diagnose xa que remite para o ano 2018. Neste sentido, resulta ben significativo da política cultural centrada no libro e practicada por parte do goberno do Partido Popular, que neste novo documento estratéxico se recolla aínda a elaboración dun Plan de Lectura de Galiza que segue pendente desde a aprobación da Lei do libro e da lectura en 2007.

O orzamento presentado polo goberno para 2023 tampouco achega esperanza ningunha, pois o incremento non é significativo e segue lonxe do de 2009. o que volve sorprender nun contexto de orzamento xeral da Xunta incrementado a respecto do ano anterior e publicitado como o máis alto da historia.

Analizado en detalle, pódese concluír que o orzamento para bibliotecas da Xunta para 2023 baixa con respecto ao ano anterior, pois o pequeno incremento está dirixido á creación do servizo de bibliotecas itinerantes. Consecuentemente, o Partido Popular segue sen comprometer a responsabilidade de goberno a favor do reforzo do Servizo de Bibliotecas cun orzamento que permita unha maior dotación no número de persoal que poidan prestar máis servizos e incrementar o apoio á Rede de Bibliotecas de Galiza e do Sistema de Xestión Integrado da Rede.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta os datos dos sucesivos datos estatísticos presentados polo Ministerio de Cultura que coloca Galiza entre as últimas comunidades en investimento público na rede de bibliotecas?



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 10:04:23
Nº Rexistro: 44503
Data envio: 30/11/2022 10:04:23.526

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

**Daniel Castro García**

**Manuel Lourenzo Sobral**

Deputada e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 30/11/2022 09:58:33**

**Daniel Castro García na data 30/11/2022 09:58:37**

**Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 30/11/2022 09:59:00**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 13:18:15
Nº Rexistro: 44533
Data envío: 30/11/2022 13:18:15.376

**Á Mesa do Parlamento**

**Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela,** deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

Este verán o  CEIP de Pazos de Reis foi obxecto de diversas obras de mellora dentro das actuacións que o Concello de Tui realiza nos centros educativos con fondos propios. As obras realizadas neste centro consistiron no acondicionamento do patio frontal, cunha zona axardinada e bancos para o xardín escolar. Tamén se procedeu a pintar as varandas, lixar e pintar as portas, e adecuar o parque infantil do patio traseiro con chan de formigón, e adecuar os baños, pintar as aulas infantís e instalar pisos flotantes na aula prefabricada.

O CEIP de Pazos de Reis, é un dos centros máis antigos do Concello de Tui, lembrar que no ano 2008 cumpriu o seu 50 aniversario, polo tanto ten 64 anos. O edificio non está en boas condicións e quedou obsoleto debido ás novas competencias curriculares, o que dificulta ter un maior número de alumnos, aínda que cada ano aumenta a matrícula dentro das posibilidades do centro.

Dende a comunidade educativa, e co apoio do Concello de Tui, estase reclamando a construción dun novo colexio por presentar graves deficiencias pola antigüidade das súas instalacións e para que teña novos espazos educativos e capacidade suficiente para cubrir as demandas da comunidade educativa.

No ano 2016 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tiña previsto investir 2,6 millóns de euros na construción dun CEIP en Pazos de Rei, obra que xa estaba incluída no Programa operativo 2014-2020 da  Consellería de Educación e para o que xa contaba cunha parcela de 14.000 metros cadrados. Nesa época, a secretaria xeral técnica da Consellería explicou que o novo colexio de infantil e primaria de Pazos de Rei sería un centro de 1 liña, é dicir, contaría con 9 aulas, unha por curso, para un aforo máximo de 25 alumnos por aula. O proxecto do novo centro tería a posibilidade de ampliarse a 2 liñas de infantil e primaria se fose necesario por un incremento de alumnado.

Ano 2022, non hai absolutamente nada por parte da Xunta de Galicia para levar a cabo a construción deste colexio no concello de Tui, é máis nin aparece nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023.

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

O Goberno galego debe garantir que os rapaces e rapazas de Tui asistan ás súas clases en condicións dignas dunha educación pública e de calidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Ten pensado a Xunta de Galicia construír un novo centro educativo en Pazos de Rei en Tui, xa que o existente está obsoleto pola súa antigüidade?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro do 2022

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**María Leticia Gallego Sanromán na data 30/11/2022 13:15:08**

**Noelia Otero Lago na data 30/11/2022 13:15:16**

**Noa Susana Díaz Varela na data 30/11/2022 13:15:23**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 16:42:48
Nº Rexistro: 44539
Data envio: 30/11/2022 16:42:48.735

# Á Mesa do Parlamento

**Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Eduardo Ojea Arias, Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Este mes de novembro a cidade de Ourense está sendo testemuña da instalación da árbore do Nadal polo Goberno municipal de Ourense na praza Bispo Cesáreo. Esta decisión pode afectar a elementos protexidos como a fonte barroca que quedou cercada pola citada árbore, que habitualmente era situada na Praza Maior. Este cambio de localización está a suscitar críticas de colectivos como a Asociación para a defensa do Patrimonio de Galicia.

Segundo aparece publicado en distintos xornais, a decisión da instalación da árbore de Nadal arredor da fonte de Bispo Cesáreo non foi informada nin pola oficina do PERI nin pola Dirección Xeral de Patrimonio dependente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Considerando os expertos que poden ocasionarse "desfeitas incontables" na fonte de Oseira pola instalación da árbore de Nadal de Ourense, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Recibiu a Xunta de Galicia, por parte do Goberno municipal de Ourense, solicitude de autorización para a instalación da árbore de Nadal sobre a fonte barroca de Bispo Cesáreo chegada do Mosteiro de Oseira?

Pazo do Parlamento, 30 de novembro do 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 30/11/2022 16:35:51**

**Marina Ortega Otero na data 30/11/2022 16:36:00**

**Eduardo Ojea Arias na data 30/11/2022 16:36:13**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/11/2022 16:42:48
Nº Rexistro: 44539
Data envio: 30/11/2022 16:42:48.735

**Noa Susana Díaz Varela na data 30/11/2022 16:36:25**

**Noelia Otero Lago na data 30/11/2022 16:36:39**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2022 11:48:41
Nº Rexistro: 44557
Data envio: 01/12/2022 11:48:41.762

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Ramón Fernández Alfonzo**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Monte do Gato está a ser sometido a unha forte presión social e ambiental derivada da proliferación de proxectos de implantación de parques eólicos que non respectan a vontade e as formas de vida produtiva da poboación dos concellos de Oza-Cesuras, Aranga e Coirós, nin moito menos a riqueza medioambiental, natural, paisaxística e de elevado patrimonio cultural desta zona, inserida na zona tampón da Reserva da Biosfera Mariñas-Terras do Mandeo e incluída na área de ampliación da Rede Natura.

Proba da defensa deste territorio é o inxente número de alegacións por parte de particulares, colectivos ambientalistas, plataformas sociais, mais tamén desde os gobernos municipais dos concellos afectados, que publicamente teñen manifestado a súa rotunda oposición a seis parques eólicos que pretenden tramitarse de forma illada cando a todas luces conforman unha unidade, como demostra que tres deles lancen as liñas de alta tensión a unha mesma subestación eléctrica presumibelmente situada no Concello de Abegondo.

E dicimos presumibelmente porque a devandita subestación semella ser como os ollos do Guadiana que aparece e desaparece nos diferentes proxectos eólicos que se van

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2022 11:48:41
Nº Rexistro: 44557
Data envio: 01/12/2022 11:48:41.762

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presentando, froito da descoordinacion e absoluta carencia de planificación enerxética por parte da Xunta.

En 2016 Red Eléctrica de España publicou un documento inicial de localización dunha subestación en Abegondo con tres posíbeis ubicacións no concello: unha na parroquia de Cerneda e dúas diferentes na de Folgoso.

Na actualidade, a tramitación dos parques denominados Mistral e Nordés recollen a súa evacuación nunha subestación eléctrica situada na parroquia de Folgoso, enumerada como 2 no proxecto de Red Eléctrica de España antes mencionado e que no estudo de impacto ambiental se refire como concedida.

Asemade, está en exposición pública o estudo de impacto ambiental do parque eólico denominado Caíño, tamén de tramitación estatal, igual que os anteriores, evacuando a produción eléctrica cara á estación de Folgoso enumerada no deseño da Red Eléctrica de España como 3.

A maiores, nesta área están en marcha tres parques eólicos de tramitación autonómica, Seselle, Feás e Fontella, proxectados por Galenergy, que tamén anuncian a evacuación da súa enerxía nunha subestación de Abegondo.

A conclusión é que na actualidade a localización da subestación eléctrica de Abegondo segue a ser descoñecida, o que está a provocar unha gran preocupación na poboación local que, ademais, se sente indefensa.

Unha preocupación que compartimos desde o BNG e que se acrecenta á vista de que o goberno galego non nos respondeu á nosa solicitude de 16 de maio de 2022 de "Copia da documentación relativa ao estado da tramitación da subestación eléctrica de Abegondo (A Coruña)".



CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2022 11:48:41
Nº Rexistro: 44557
Data envio: 01/12/2022 11:48:41.762

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Presentoulle Rede Eléctrica Española á Xunta o proxecto para un trazado de LAT que determine a localización exacta da subestación eléctrica de Abegondo?

Santiago de Compostela, 30 de novembro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**
**Ramón Fernández Alfonzo**
Deputada e deputado do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 01/12/2022 11:46:44**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 01/12/2022 11:46:47**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 44565
Data envío: 01/12/2022 15:27:11.291

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

**Á Mesa do Parlamento**

**Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero,** deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno.**

O proxecto de orzamentos para o 2023, os máis expansivos da historia da comunidade, volve a poñer de manifesto que o compromiso e obriga de velar pola igualdade real en todos os ámbitos das persoas LGTBI non existe, polo menos a nivel orzamentario. A pesar de que os últimos datos oficias sobre delitos de odio do Ministerio de Interior, e os feitos denunciados durante este 2022 en Galicia, amosan un incremento preocupante dos delitos de odio contra as persoas LGTBI recollidos na memoria de 2021 as cantidades contempladas son as mesmas que no 2022. Un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Os delitos de odio mostran unha tendencia alcista desde 2014 a pesar de seguir marcados pola infra denuncia.

Non só non abondan as cantidades, senón que a execución orzamentaria a 30 de xuño de 2022 era dun 0 % e as distintas asociacións e colectivos un exercicio máis denunciaron que non foi ata novembro cando reciben os escasos cartos consignados coas dificultades que esta falta de planificación e axilidade provoca.

Nos últimos tempos vimos observamos un retroceso tanto no discurso como nas actitudes e o intento de inxerencia dalgúns grupos políticos que enarborando a bandeira da liberdade, pretende conculcar os dereitos acadados. Convivimos con discursos de odio no día a día que derivan entre outras situacións lamentables e censurables, nun incremento neste último do número de agresións lgtbifóbicas na nosa comunidade.

En Galicia, contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Se nestes momentos lemos o seus títulos a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado.
Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

catro anos despois, e tal e como xa lamentamos en non ten apenas actividade propia.

Unha sola xuntanza en 2022.

En outubro do ano 2021 UGT presentaba un estudo sobre a situación das persoas LGTBI no traballo. No mesmo recollía que o 96% das persoas LGTBI en Galicia, o 90 % no Estado, consideran un inconveniente esta condición á hora de encontrar traballo. Tamén amosaba un dato demoledor, o 91 % na nosa Comunidade Autónoma considera necesario ocultar a súa orientación sexual e seis de cada dez traballadores en Galicia teñen vivido algunha agresión, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas.

É importante resaltar que Galicia se atopaba hai un ano entre as tres comunidades onde a percepción da discriminación é máis alta, e sobre estes índices estima este grupo parlamentario que o Goberno galego vese na obriga de actuar. Nunha interpelación sobre esta desigualdade no plano laboral do PSdeG a Conselleira de Igualdade aseguraba no mes de decembro no pleno deste Parlamento que se estaba a elaborar un estudo sobre a realidade laboral das persoas LGTBI que vería a luz nos primeiros meses de 2022. A piques de rematar este ano nada se sabe arredor deste traballo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cando van facer público o estudo anunciado hai xa un ano pola conselleira?

Pazo do Parlamento, 1 de decembro do 2022

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Noelia Otero Lago na data 01/12/2022 15:24:30**

**Julio Torrado Quintela na data 01/12/2022 15:24:45**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 44565
Data envio: 01/12/2022 15:27:11.291

**Marina Ortega Otero na data 01/12/2022 15:24:53**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2022 18:27:55
Nº Rexistro: 44588
Data envío: 01/12/2022 18:27:55.926

Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello da Xunta de Galicia do 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós Mabegondo cun orzamento de case 30 millóns de euros. A referencia do Consello da Xunta de Galicia sinalaba que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros. Remataba a nota do Consello coa indicación de que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son os de lograr a mellora das comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráficos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débese lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, e por iso define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes e, por suposto, todo iso minimizando o impacto ambiental de conformidade coa normativa galega, española e europea.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non se pode circunscribir á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a terceira rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cativa para todo o entorno metropolitano.

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/12/2022 18:27:55
Nº Rexistro: 44588
Data envio: 01/12/2022 18:27:55.926

A Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) denunciou diante da Fiscalía de Medio Ambiente "O Trazado da Vía Ártabra entre o Polígono de Cambre e a Autovía A6 polo seu elevado impacto ambiental, non avaliado conforme á lexislación vixente, e ás irregularidades na súa tramitación". Lamentable e incomprensiblemente, as obras da Vía Ártabra teñen arrasado xa parte da zona húmida da Gándara, que acolle catro especies en perigo de extinción e outras en estado de gran vulnerabilidade, ademais de funcionar como barreira contra posibles inundacións nunha extensa área, estar incluído na Reserva da Biosfera e figurar como hábitat prioritario na normativa europea e como ben de interese cultural no catálogo da Xunta desde 1994.

A lei 21/2013, de avaliación ambiental, determina, por aplicación do seu artigo 43 e da súa DT primeira, que a DIA da obra, que data do ano 2009, perda vixencia a partir dos 6 anos desde a entrada en vigor da lei, prazo que se cumpriu o 12 de decembro de 2019, establecendo a mesma disposición transitoria o efecto desa perda de vixencia: "el promotor deberá iniciar nuevamente el trámite de evaluación del impacto ambiental del proyecto conforme a lo establecido en esta ley". Iso implica facer un estudo de alternativas, a correspondente comparativa entre elas, a elección da máis axeitada, a proposta de DIA e a redacción do proxecto baseándose na solución adoptada. A omisión deste trámite daría lugar á nulidade dos actos administrativos que se adoptasen a partir do 12 de decembro de 2019.

A sentencia de 15 de marzo de 2022 ditada pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG estima o recurso interposto en representación do Concello de Cambre contra a Resolución de 23 de outubro de 2018 ditada pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda pola que se desestima o recurso de reposición contra a resolución de 27 de marzo de 2009, pola que se fai pública a aprobación definitiva do proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da obra Vía Ártabra, treito AC-221 (Polígono de Cambre) Autopista-Autovía A-9, anulándoa integramente.

Unha nova sentenza do Tribunal Supremo vén de desestimar o recurso de casación presentado pola Xunta contra a sentenza do TSXG, ratificando as reivindicacións do Concello, da asociación de veciños afectados e das organizacións ecoloxistas que apoian o trazado proposto polo concello de Cambre.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan, preguntan ao Goberno galego:

Despois das sentenzas do TSXG e do TS polas que se anula a aprobación do proxecto de trazado e estudio de impacto ambiental da Vía Ártabra ao seu paso

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

por Cambre, vai o Goberno de Galicia atender as alegacións do Concello de Cambre modificando o trazado desa vía?

Pazo do Parlamento, 1 de decembro de 2022

**Asinado dixitalmente por:**

**Pablo Arangüena Fernández na data 01/12/2022 18:26:10**

**Paloma Castro Rey na data 01/12/2022 18:26:30**

**Patricia Otero Rodríguez na data 01/12/2022 18:26:46**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 01/12/2022 18:27:01**

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

# ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

### 1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### 1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### 1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### 1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### 1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

### 1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

### 1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

## 2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

### 2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

### 2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

### 2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

### 2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

## 3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

## 4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

### 4.1. INFORMACIÓNS

## 4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-B9KBpprFP-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/